



FICHA RESUMO

CM 410A 2011/4-5

Ano	2011
Entidade	ASOCIACIÓN DE MARISCADORES PEDRA DA OLIVEIRA DE VILABOA
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Hediste diversicolor</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
Ámbito do plan	Desde Punta Estralo ata punta Cabalo.
Subzonas de explotación	Cabalo, Deilán, Río Maior, San Adrián (norte)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
3		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		50									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ do 16 de marzo ao 31 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾: A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Cotas máximas de captura	
Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)
<i>Hediste diversicolor</i> ,	300 individuos (*)
<i>Arenicola marina</i>	300 individuos (*)
<i>Diopatra neapolitana</i>	300 individuos (*)

Artes a empregar	Forquita.
-------------------------	-----------

Puntos de control	Peirao de Sta. Cristina de Cobres (X:528998.28,Y:4685513.07)
Puntos de venda	Lonxa de Santa Cristina de Cobres.

Outras consideracións⁽⁹⁾
<p>Calendario de extracción: De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e no horario autorizado na normativa vixente.</p> <p>Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.</p>



(*) Cotas máximas de captura: As cotas máximas de captura será para cada unha das especies de 300 individuos/persoa/día, sen sobrepasar os 800 individuos no total das especies capturadas. Non obstante deberanse respectar as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Rural sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o ano 2011.

Solicitudes de apertura: Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.

(*) Arte autorizada: O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, pola que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece na sección sexta do capítulo IV, os útiles, equipos e técnicas de marisqueo para os recursos específicos. No artigo 162 se determinan as condicións para a extracción de poliquetos. Así pois, non se observa inconveniente no emprego de sal como técnica para a captura de poliquetos.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao departamento territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Extracción simultánea de poliquetos con outros recursos: O artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998, establece que en ningún caso poderá simultanearse a extracción de poliquetos coa doutros recursos.